



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

SERVIZO: OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 (2021-2025) – ATAU210101

O presente informe emítase de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público (LCSP).

Obxecto e necesidade do contrato.

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Forman parte do seu obxecto social a realización das actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo - A-52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, entre as que se inclúen as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros, e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do mencionado tramo, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación desta.

Necesidade da contratación. Insuficiencia de Medios

A presente contratación ten por obxecto a execución dos traballos de explotación, conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 (Alto de Santo Domingo – A-52) e AG-54 (AG-53 – Ourense). O desenvolvemento dos traballos de conservación, explotación e mantemento da AG-53 e da AG-54 precisa da participación de medios humanos e medios materiais específicos dos que non dispón SPI Galicia.

Os traballos a realizar se resumen nos seguintes puntos:

- Actividades de axuda á vialidade, destinadas a facilitar ou, no seu caso, a facer posible a circulación dos vehículos na infraestrutura en condicións adecuadas de seguridade e fluidez, entre as cales se inclúen as de vialidade invernal.
- Actividades de conservación ordinaria, destinadas a retrasar todo o posible o proceso de degradación das características funcionais e estruturais dos elementos da estrada e a corrixir os impactos negativos do entorno que, sen supor degradación deses elementos, tamén impiden ou dificultan a correcta realización da súa función.
- Actividades de rehabilitación e mellora dos elementos (Actividades de conservación extraordinaria), destinadas a por en situación inicial as características dos elementos da autoestrada, ou no seu caso, a mellorar os estándares iniciais.
- Mantemento e explotación do sistemas de control e vixilancia do tráfico.
- Realización de auscultacións e inspeccións de marcas viarias, firmes e estruturas, de obrigada realización para con carácter anual, segundo o establecido no convenio asinado coa Xunta de Galicia.

Os traballos a realizar estrutúranse nos seguintes grupos, en función das operacións a realizar:

- ✘ Grupo I: Operacións de explotación, vixilancia, vialidade ordinaria e vialidade invernal.
- ✘ Grupo II: Operacións de emerxencia con medios propios.
- ✘ Grupo III: Operacións de conservación ordinaria e extraordinaria.

Para as labores de vialidade invernal se empregarán 3 camiões quitaneves, con sistema de estendido de sal ou de salmoira, así como a instalación dun silo de almacenamento de sal e dunha planta de fabricación de salmoira.

Están incluídas na conservación obxecto deste contrato as seguintes vías:



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

SERVIZO: OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 (2021-2025) – ATAU210101

- Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo – A-52. Cunha lonxitude próxima a 31 quilómetros. Inicio no Enlace de Dozón (Pq 56,3 – enlace non incluído neste contrato) onde conecta coa AP-53, na provincia de Pontevedra e final nun enlace coa autovía A-52 e coa OU-402 (Pq. 87,0), na Provincia de Ourense. O límite entre as provincias de Pontevedra e Ourense sitúase no punto quilométrico 62,6. No seu percorrido inclúense os seguintes enlaces:
- Ramal de saída en Dozón, en sentido Santiago, no alto de Santo Domingo, á altura do pq 56,3 (en proxecto).
- Ramal de acceso en Dozón, en sentido Ourense, no alto de San Martiño, á altura do pq 59,7 (en construción).
- Enlace coa N-525 en Piñor, situado á altura do Pq 64,9 da AG-53, e que conecta coa N-525 no termo municipal de Piñor, cun ramal bidireccional de case un quilómetro de lonxitude.
- Enlace coa OU-504 en Cea, situado á altura do Pq 73,6 da AG-53 e que conecta coa OU-504, localizado nos termos municipais de San Cristovo de Cea, Maside e O Carballiño.
- Enlace coa AG-54 en Maside, situado á altura do Pq 78,7 e do que parte a Autovía AG-54, tamén obxecto de conservación incluído neste contrato.
- Enlace coa A-52 e OU-402 en Toén, mediante o cal finaliza a AG-53 desembocando na A-52 e conectando á vez coa OU-402.
- Autovía AG-54. AG-53 - O Carballiño. Cunha lonxitude de 5,2 quilómetros. Inicio no enlace coa AG-53 (Pq 78,7) e conexión final coa N-541 mediante unha glorieta. Ademais, á altura do Pq 1,4 existe un enlace coa estrada provincial OU-0303.

Ademais estarán incluídos todos os camiños de servizo e cruces de camiños y estradas coa AG-53 e AG-54, cuxas variantes foron executadas conxuntamente coas obras de construción destas vías e outros terreos que integren o dominio público adscrito a estas vías e calquera ampliación ou modificación das vías e instalacións anexas que se executen durante o período do contrato.

En total a execución do contrato prevé a participación de 15 persoas permanentemente, de colaboradores ocasionais en materia de auscultacións, iluminación, equipos de control do tráfico e topografía, etc., e de 3 vehículos e 5 unidades de maquinaria, ademais de ferramentas e utensilios varios.

Duración e orzamento do contrato

Establécese unha duración do contrato de 4 anos, ampliable por 1 ano adicional de mutuo acordo entre o órgano de contratación e o adxudicatario, acadándose un máximo de 5 anos, cumprindo o establecido no artigo 29.4 da Lei 9/2017.

De acordo cos cálculos realizados, o custe deste servizo ten un importe de 6.338.405,23 €, máis IVE, cun valor estimado total de 7.899.111,17 € excluído IVE, ao engadir o custe do ano de posible ampliación do prazo.

O pagamento realizarase en base ós prezos unitarios establecidos no prego de prescricións técnicas particulares

Procedemento de contratación

Tendo en conta o importe de licitación deberá empregarse o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

SERVIZO: OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 (2021-2025) – ATAU210101

Crterios de adxudicación

De acordo co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios baseados no principio da mellor relación calidade-prezo, que se detallan a continuación:

Criterios de valoración non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor (subxectivos)

Programa de traballo. Resulta pertinente a presentación dun programa de traballos que describa o conxunto de actividades a desenvolver para prestar a servizo contratado.

Memoria técnica dos traballos a realizar. Con este apartado se analiza a metodoloxía dos traballos para comprobar o coñecemento das actividades a realizar, en coherencia cos medios propostos, os prazos ofertados e as inversións realizadas. Esta memoria analiza o obxecto, as problemáticas, os condicionantes existentes, as solucións ó tráfico, as solucións propostas e o desenvolvemento dos traballos que configuren unha oferta consistente.

Plan de control de calidade dos traballos. Estímase pertinente avaliar o Plan de control de calidade que a empresa oferta para comprobar a súa idoneidade e garantir o resultado satisfactorio das prestacións a desenvolver. Deste xeito se estuda que os aspectos concretos a controlar e os criterios de mostraxe sexan axeitados e proporcionais o tipo de traballos a executar.

Memoria de prevención de riscos laborais. Os temas en materia de seguridade e saúde nos traballos resultan esenciais no desenvolvemento dos traballos obxecto desta contratación, polo que resulta necesario valorar a memoria de prevención de riscos laborais que cada licitador implantará para a execución dos servizos e salvaguardar en último termo a integridade dos medios humanos ante as situacións concretas que derivan das características propias das prestacións contratadas.

Programa de actuacións medioambientais. Dado o impacto que estes servizos teñen no entorno de actuación considerase necesario valorar a análise do licitador en relación a este aspecto, identificando os traballos e procesos construtivos a executar e as medidas a desenvolver para minimizar ou eliminar os impactos.

Medidas para o impulso demográfico. De conformidade co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia inclúese este criterio de adxudicación co fin de valorar as medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral así como en materia de corresponsabilidade que serán aplicables para o persoal que interveña na execución do contrato.

Criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas (obxectivos)

Prezo. A puntuación calcúlase en función das ofertas presentadas que determinan o limiar para apreciar que un licitador puido presentar unha oferta inviable por ser anormalmente baixa. Con estes parámetros outórgase a máxima puntuación ao licitador coa oferta máis económica que non fose declarada finalmente desproporcionada, e cero puntos ás ofertas que sexan idénticas ao importe de licitación (sen baixa), establecendo unha proporcionalidade progresiva entre ámbolos dous extremos citados, entendendo que o importe de licitación xa está axustado aos prezos de mercado e, polo tanto, reflexa a tendencia asintótica intrínseca aos aforros que se poden ir acadando.



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

SERVIZO: OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 (2021-2025) – ATAU210101

A puntuación establecida para cada un dos criterios, segundo se recolle no prego de cláusulas administrativas particulares, establecer unha ponderación dos criterios obxectivos que non é inferior á dos criterios subxectivos, de forma que non resulta necesario constituír un comité de expertos non integrados no órgano de contratación para a avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor.

División en lotes.

En base ó disposto no artigo 99.3 de la LCSP, considérase que este contrato non é divisible en lotes.

Enrique Couselo Pan
Director de Explotación AG-53 & AG-54

Angela Bouzada Valverde
Adx. Xefe. Área Administración e Finanzas